

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **Moisés Rodríguez Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Comisión, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, **5714(10/PNC-000555)** Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a seguridade viaria do Camiño Portugués na provincia de Pontevedra, así como a mobilidade ciclista nel entre Tui e Santiago de Compostela.

### Emenda de substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Continuar apoiando á Mesa permanente do Camiño de Santiago na provincia de Pontevedra promovida pola Deputación Provincial coa participación dos municipios polos que descorre o Camiño de Santiago e coordinar as actuacións das diversas administracións e entidades relacionadas coa ruta xacobeá.
- 2.- Fomentar a través da Comisión de Seguridade Viaria do Camiño de Santiago, creada pola Delegación do Goberno en Galicia, diante das administracións titulares das vías con problemas de seguridade viaria dos peregrinos, aquelas actuacións que incrementen a seguridade no trazado do Camiño de Santiago.
- 3.- Promover, xunto coas administracións titulares das vías, alternativas funcionais para aqueles puntos ou treitos nos o que trazado actual do camiño non garanta axeitadamente a seguridade viaria dos peregrinos, tanto a pé como en bicicleta.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2.018.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 17/01/2018 18:16:24**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 17/01/2018 18:17:02**